



NORMAS

Para o bo desenvolvemento das actividades e o funcionamento xeral do campamento establécense unha serie de **NORMAS** que serán de **OBRIGADO CUMPRIMENTO**. Estas non só se refiren aos menores participantes senón tamén aos pais e familiares ou titores.

1- MENORES

1.1- Os menores de idade non poderán levar con eles teléfonos móbiles durante as actividades ou reprodutores de MP3 / Mp4, Ipods, Psp, Nintendo DS ou ningún dispositivo electrónico que os distraia das súas actividades diarias.

1.2- Todos participaremos nas actividades programadas, excepto nalgúns casos excepcionais autorizados pola Xestión / Coordinación do Campamento.

1.3- Respectaremos en todo momento aos compañeiros e monitores.

1.4- Non se tolerará ningún tipo de violencia, nin física nin verbal.

1.5- Comprometerémonos a respectar o material e facer un bo uso das instalacións e dependencias do campamento, no caso contrario os nosos pais serán responsables do custo das reparacións e/ou substitución dos desperfectos.

1.6- Tamén se respectará o medio ambiente e recollerase e deixarse na mesma situación na que se atopaba inicialmente cada espazo a empregar no desenvolvemento de actividades.

2- PAIS / TITORES / AUTORIZADOS

2.1- PORÁNSE SEMPRE EN CONTACTO CON ALGÚN DOS MONITORES PARA A ENTREGA OU RECOLLIDA DO/S MENOR/ES NOS HORARIOS FIXADOS NA FOLLA DE SOLICITUDE.





2.2- As actividades comezarán puntualmente ás 9:30 horas, polo que é recomendable estar polo menos 5 minutos antes desa hora, despois dese tempo os monitores entrarán nas instalacións correspondentes, segundo a actividade a realizar.

2.3- As familias NON PODERÁN visitar aos seus fillos/as durante a súa estadía no campamento, para non interferir no desenvolvemento normal das actividades. Se por algún **MOTIVO XUSTIFICADO**, alguén ten que visitar ao neno/a debe informar previamente aos monitores.

2.4- É obrigatorio indicar números de teléfono, preferentemente móbiles, que estean sempre operativos para calquera emerxencia. Os pais poden chamar ao Concello para falar cos coordinadores no caso de que aparezan inconvenientes e necesiten poñerse en contacto con eles.

2.5- Se teñen que tomar algún medicamento ou son alérxicos a algo deberían reflectilo claramente no formulario de inscrición, se non o fixeron, por favor comuníqueno a maior brevidade posible.

2.6- Os menores deben traer unha pequena merenda QUE VIRÁ NUN TUPPER PECHADO E CO NOME DO/A MENOR que intentaremos que sexa o máis **saudable** posible, e así educar aos nenos/as en bos hábitos alimentarios. O dita merenda consistirá, na medida do posible, nunha peza de froita ou un bocadillo que leve produtos baixos en graxa, como pode ser o pavo ou o xamón cocido; o xamón serrano ou o lomo tamén serían axeitados. Intentaremos que non sexan pastelería industrial, galletas, bombóns ou cremas de cacao. **PARA BEBER UNHA BOTELLIÑA DE AUGA QUE TAMÉN TRAERÁ O NOME DO/A MENOR.**

2.7- Recoméndase que os nenos/as leven todos os días protector solar e gorra, desta maneira, se fai moito calor sempre teremos o recurso dos xogos de auga en pequenos grupos.

2.8- Cando imos recoller aos nenos/as, sempre esperaremos que o monitor/a nolo/a entregue NUNCA entraremos na instalación para recollelos.





2.9- Calquera dúbida ou aclaración, na medida do posible, debe dirixirse á directora do campamento (Paula Balsa), ela aclararálles calquer dato importante respecto ao seu fillo/a, se ela non estivera dispoñible dirixiránse ao/á monitor/a que estea nese momento para que intente localizala ou aclararlle a dúbida na medida do posible.

Se o consideran necesario, poden poñerse en contacto coas **persoas que o coordinan dende o Concello o Campamento,** concretamente dende **Servizos Sociais – Programa de Educación Familiar.**

2.10- Deben comunicarlles as monitoras do campamento calquera medo ou fobia que teña o seu/súa fillo/a para que o teñan en conta cando se desenvolvan as actividades.

A ROUPA DOS NENOS VIRÁ MARCADA CO NOME E APELIDOS PARA FACILITAR O TRABALLO DOS MONITORES E QUE A ROUPA NON SE PERDA.

OS/AS MENORES ASISTIRÁN AO CAMPAMENTO CON ROUPA E CALZADO CÓMODO E QUE POIDAN MANCHAR.

TELÉFONO MÓVIL DE CONTACTO

CHAMADAS OU WHATSAPP: 682062492

